

GOYA (1746-1828)

OBRA: **A FAMILIA DE CARLOS IV**

ESTILO: Neoclasicismo


AUTOR: **FRANCISCO DE GOYA Y LUCIENTES**

CRONOLOXÍA: 1800-1801

MATERIAL: Óleo sobre lenzo

MEDIDAS: 259 cm x 220 cm

LOCALIZACIÓN: Museo do Prado



(CONTEXTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO E CARACTERÍSTICAS XERAIS)

COMENTARIO

Iconografía e identificación das personaxes

Trátase dun retrato colectivo da familia real española que fixo Goya cando xa era pintor de cámara do rei e retratista oficial da corte dos Borbón. Aparecen: o infante Carlos María Isidro (fillo dos reis), futuro rei Fernando VII (fillo dos reis), Goya (en segundo plano), infanta María Josefa (irmá do rei), a prometida de Fernando VII (descoñecida), infanta María Isabel (filla pequena dos reis), raíña María Luisa, infante Francisco de Paula (fillo pequeno dos reis), rei Carlos IV, infante Antonio Pascual (irmán do rei, en segundo plano), doña Carlota Joaquina (filla maior dos reis, en segundo plano), Luis príncipe de Parma, casado coa infanta María Luisa (filla dos reis) que leva ao seu fillo Carlos Luis no colo.

É un retrato de grupo, a familia real española en traxe de corte e con distintivos honoríficos e bandas, medallas, etc. A composición presenta a todas as personaxes de pé, incluíndo o propio Goya que se autorretratou contemplando directamente ao espectador, colocados case en liña recta e na orde esixida pola etiqueta real. O espazo aparece recortado, parece como se o grupo estivese ao fondo preto da parede. Garda semellanzas evidentes coas Meninas de Velázquez: os retratados non posan seguindo os cánones oficiais, senón que se agrupan nun aparente xeito informal, e semella que están observando algo que sucede fóra do cadro. E como fixera Velázquez, Goya retrátase ao fondo na parte esquerda do lenzo. Goya crea un espazo onde coloca a escena, non mediante a iluminación e a superposición de planos, como fixera Velázquez nas Meninas, senón mediante o volume dos corpos da familia real.

Cor e técnica

O conxunto de uniformes brillantes e de traxes claros con variedade do colorido emerxe dun fondo de penumbra, no que destacan os brancos, dourados, vermellos e azuis. As súas sutís gradacións son influencia tanto de Rembrandt como de Velázquez. Está executado cunha pincelada lixeira, de manchas de cor. A luz procede da esquerda e fai brillar as vestiduras e as xoias, que cobran protagonismo pictórico. Este retrato de grupo componse de dúas grandes masas compactas divididas polo infante Francisco de Paula, utilizando a un lado tons fríos para as persoas máis “antipáticas” e cálidos para os máis “simpáticos”. Goya utiliza unha pincelada solta como é propio del. Usa unha gama cromática brillante, típica da súa primeira etapa como artista. Destaca, sobre todo, o colorido das vestiduras, nas que refúlexen os brillos das sedas e das condecoracións.

Captación psicolóxica das personaxes

O poderoso contraste lumínico aporta gran expresividade e centra a nosa atención sobre tres personaxes: o rei Carlos IV, a raíña María Luisa de Parma e o infante ou Príncipe de Asturias futuro Fernando VII, os máis importantes da Corte. Os seus rostros e actitudes plasman perfectamente os seus caracteres psicolóxicos: a falta de enerxía de Carlos IV fronte ao seu fillo, e, sobre todo, fronte á súa muller, á cal Goya representa de forma dominante e altiva. Pero tamén representa con agarimo e tenrura os rostros inocentes dos nenos. Todas as personaxes, agás os nenos, son tratados dura e verazmente polo pincel do artista. Pero esta obra non é unha caricatura, o pintor ve as personaxes sinxelamente tal cal eran, por iso falamos da/e penetración psicolóxica. Aínda que pinta ás personaxes con gran realismo e, polo tanto, pouco agraciados, Goya non quixo caricaturizalos, xa que era un encargo real e a obra definitiva foi do agrado dos monarcas, pola súa veracidade e detallismo.

Función e significado

A familia de Carlos IV é un retrato real, un eco deliberado das *Meninas*, onde todo a a familia acude a visitar ao artista. Desde o punto de vista psicolóxico, este cadro é dun realismo acorde coa tradición retratística española caracterizada polo rigor inflexible na representación da fisonomía do retratado. O interior de todas estas personaxes foi posto ao descuberto con despiadada sinceridade: os nenos asustados, o rei cun aspecto bonachón (nun arrebatado maxistral de humor), a raíña vulgar, con xesto antipático, pousando como a infanta Margarita de Velázquez (brazo esquerdo e xiro da cabeza).

CONCLUSIÓN

É unha obra que presenta un perfecto equilibrio entre a serenidade neoclásica que se observa na disposición das figuras, e a intensidade expresiva propia de estilos posteriores. Os retratos de Goya destacaban pola captación da psicoloxía das personaxes e na elegancia conseguida nas poses dos retratados. O conxunto de uniformes brillantes e de traxes claras, de gran colorido, emerxe dun fondo de penumbra. Trátase dun colorido brillante e variado. A luz entra desde arriba, modelando zonas iluminadas e outras en sombras. Finalmente, utiliza unha pincelada de manchas de cor que se adianta ao Impresionismo posterior.